

Agora ã© Lula

Description

A menos que ocurra un milagre, o próximo presidente de Brasil semella decidido: Luiz Inacio da Silva (ã©ãª?ãª?Lulaãªãª?ãª?ãª?) asumirãª o cargo despois de dous períodos consecutivos de xestión de Fernando Enrique Cardoso. A pesar de rozar a maioría absoluta na primeira volta, Lula non pudo evitar ter que acudir a unha segunda competindo nas urnas co candidato oficialista Josã© Serra, que na primeira votación obtivo case o 24 por cento dos votos.

As eleccións brasileiras, lembra Roberto Bouzas en Clarã, crearon a expectativa dun cambio en paz nunha das sociedades máis desiguais do planeta. Pero transformar esa expectativa en realidade requirirã máis que un resultado electoral. Os principais desafíos para Lula, se sae finalmente electo, se verãjn despois de xaneiro. A sãªa responsabilidade serãª a de transformar un ideal reformista nun goberno exitoso.

Lula deberãª facer grandes equilibrios para manter unido o seu propio movemento, moi plural e heterãxeneo e no que a acción de goberno pode exacerbar as tensións entre reformistas e radicais. Lula gañou moita experiencia na tarefa de marcar compromisos e alianzas, pero para esixir un comportamento leal e coherente aos seus aliados deberãª garantir a gobernabilidade do seu propio Partido. Algo complexo pero non necesariamente problemãtico habida conta que o PT goberna dende hai varios anos sen estridencias e de forma responsable en varios Estados e nalgunhas das máis importantes cidades do país, como Sao Paulo.

Así mesmo, a axenda econãmica resulta especialmente densa. As promesas de cambio en materia de crecemento, emprego, salarios e distribución do ingreso deberãjn concretarse progresivamente nun contexto econãmico difãcil. No que vai de ano, a relación dãbada/PIB pasou do 50% ao 62%. Para estabilizar esta relación Brasil necesita medrar a un ritmo anual do 3%, con taxas de interese real que non superen o 9% e unha depreciación do tipo de cambio non maior ao 3%, asegura David Chance, en El Universo. E todo iso tranquilizando aos mercados financeiros globais, cumprindo o compromiso co Fondo Monetario Internacional se quere recibir o préstamo de 30.000 millóns de dólares sobre o que se apoia a estabilidade da moeda, o real.

Parece razonable prever que a posición internacional de Brasil amosarã máis puntos de fricción con Estados Unidos, con quen deberãª compartir presidencia do ALCA a partir do ano próximo ata a conclusión das negociacións en 2005. Lula propãª afondar no MERCOSUR, imitando o proceso de integración europeo. Aãnda asã, en Washington ningũn cree que Lula se vaia embarcar nunha cruzada anti-estadounidense. William Barr, quen foi xefe da sección política da ambaxada americana en Brasil ata o seu retiro hai unhas semanas, sinalaba ao Miami Herald que non cree que Lula sexa tan malo coma o pintan algũns conservadores en Estados Unidos.ãªãª?Lula non serãª Chãívez, nin por asomoãªãª?ãª, asegura. Tãªn máis perspectiva e máis balance que Chãívezãªãª?ãª.

Con todo, a sãªa elección serãª histãrica, non soamente polo impacto que o recambio presidencial pode provocar no país, senãªn pola influencia en precedentes que o seu resultado pode xerar en toda a rexión e no mundo.

Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Latinoamãrica ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Novembro 1, 2002

Meta Fields

Autoria : 3717

Datapublicacion : 2002-11-01 00:00:00